

Os servizos mínimos ditados polo Consorcio nas folgas convocadas pola CIG vulneraron a Constitución

En resposta ao recurso presentado pola CIG a Sentenza do xulgado do contencioso administrativo número 1 de Compostela do 22 de xuño de 2010 declara os Servizos mínimos ditados polo Consorcio contrarios ao dereito de folga e declara a nulidade dos mesmos por vulnerar o artigo 28 da Constitución.

Desde a CIG Enseño anunciamos xa na mesa de negociación dos Servizos Mínimos da folga do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar convocada para o 24 de novembro de 2009 que recorreríamos estes Servizos Mínimos por consideralos abusivos e ilegais, chegando incluso a cualificalos de inconstitucionais, e o que é peor, a administración, neste caso o Consorcio, establecería estes Servizos Mínimos a sabendas de que eran ilegais.

A sentenza aludida non fai máis que darnos a razón cando di que coincide coa recorrente en que as resolucións impugnadas establecen uns servizos mínimos sen una motivación suficiente incumprindo a doutrina xurisprudencial.

Continúa dicindo que “é evidente que os servizos mínimos establecidos pola resolución recorrida son abusivos, toda vez que se parte pola Administración demandada que se trata de servizos esenciais para a comunidade os servizos sobre os que recae a folga (asistencia social e educación), sen contar coa especialidade da prestación material do servizo que realiza o Consorcio, pois tratase de ensinanza non obrigatoria e asistencia social complementaria”.

Para maior abundamento aínda partindo de

que os servizos aos que afecta a folga sexan necesarios, “non se xustifica a imposición de determinados servizos mínimos, pois acude a unha motivación estereotipada, aludindo á necesidade de manter o servizo público de asistencia social e educación, dos que afirman que están recoñecidos prioritariamente en relación ao dereito da folga, o cal non aparece motivado nos servizos mínimos impostos en relación coa continuidade do servizo esencial cuxa protección se invoca, máximo tendo en conta que se trata dun dereito fundamental como é o dereito á folga, pois non se xustifican os servizos mínimos impostos sexan necesarios para los fines que prestan”.

Desde a CIG exiximos que o Xerente do Consorcio asuma a Sentenza e pida desculpas ás traballadoras e aos traballadores que quixeron ir á folga, e debido aos servizos mínimos ditados, a sabendas da súa ilegalidade, non puideron exercer o seu dereito.

Da mesma maneira a CIG traballará para que tal e como se desprende da sentenza, os servizos mínimos de folgas vindeiras cumpran a lexislación e non sexan superiores a, por exemplo, aos do ensino público, que, por riba é obrigatorio.